

ESTATUTOS DO PARTIDO POLITICO *COMPROMISO POR GALICIA*

CAPÍTULO I. DENOMINACIÓN, ÁMBITO, DOMICILIO E FINS

ARTIGO 1. DENOMINACIÓN, ÁMBITO E DOMICILIO

1.1 Co presente documento regúlanse as bases estatutarias do partido político que adopta a denominación de *COMPROMISO POR GALICIA*.



1.2 As siglas de Compromiso por Galicia son CxG e o seu logo é

1.3 A lingua de uso, tanto interno como externo, será o galego. As persoas con cargos de *Compromiso por Galicia* teñen o deber do seu uso e promoción nos seus ámbitos de actuación.

1.4 A efectos da súa expresión pública como partido político, CxG adopta como símbolo nacional a bandeira civil de Galicia, desprovista de simboloxía institucional ou ideolóxica, na vontade de representar con ela ao común da cidadanía galega calquera que sexa o seu ideario. Esta identificación establécese sen prexuízo da liberdade de cada persoa afiliada para exhibir outras simboloxías nacionais, a título particular, nos actos do partido.


1.5 O ámbito propio e preferente da súa acción política é a Nación Galega, entendendo como tal o territorio actual de Galicia; tamén a Galicia exterior, os territorios limítrofes historicamente afíns e o resto do territorio do Estado e da Unión Europea canto á participación nas súas institucións representativas e de goberno. En todo caso, o ámbito territorial non será un límite para a actuación dos órganos de representación e cargos institucionais do partido no que atinxe á defensa dos intereses de Galicia.

1.6 O ideario propio de Compromiso por Galicia é o que se recolle no Documento de Principios Ideolóxicos e Políticos do partido.

1.7 O domicilio social de Compromiso por Galicia radica na capital de Galicia en Rúa Concheiros, 37,1º, dta. C.P. 15703 Stgo. Para a súa modificación será necesario acordo do Consello Político Nacional..

ARTIGO 2. FINS

CxG é un partido político que se constitúe co obxectivo de contribuír democraticamente a unha mudanza real da situación política e social de Galicia, de tal maneira que se volva a pór a política á disposición da cidadanía fomentando a súa participación nas institucións onde resida a soberanía popular.



Co gallo de dar resposta ás necesidades da poboación galega, CxG establece os seguintes fins específicos:

- A afirmación e defensa da liberdade, igualdade de oportunidades entre persoas, xustiza social, dereitos humanos e dos pobos e pluralismo político nunha sociedade vertebrada baixo os principios de inclusión e cohesión social.
- A defensa dos dereitos de libre expresión, asociación e participación cívica e política.
- A afirmación e afondamento dos valores de liberdade, igualdade, xustiza, laicismo e pluralismo político nunha sociedade vertebrada baixo os principios de inclusión e cohesión social e aconfesional
- O desenvolvemento social e económico equilibrado e ambientalmente sustentábel que permita mellorar, en condicións de igualdade, a calidade de vida e do benestar social do conxunto da poboación galega, no marco dun Estado do Benestar.
- Mellorar a comprensión, colaboración e comunicación entre a Galicia territorial e a Galicia exterior.
- A defensa e o afondamento no autogoberno de Galicia dentro dunha España plurinacional e dunha Europa dos pobos.
- A procura dun marco xurídico-político que articule España como estado plurinacional fundamentado nos dereitos da súa cidadanía e dos pobos e nacións que a integran e no autogoberno das mesmas.
- A demanda dunha voz propia para Galicia ante a Unión Europea na defensa dos intereses propios e participar na definición das políticas do estado español perante as institucións europeas..


CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN, ESTRUTURA E ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

ARTIGO 3. CRITERIOS ORGANIZATIVOS.

3.1 CxG basea o seu funcionamento no estrito respecto á democracia e na participación dos seus activos na toma de decisións, así como na corresponsabilidade das persoas adscritas á organización que actuarán dentro dunha estrutura orgánica democrática, áxil, transparente e dinámica.

3.2 De acordo con esta formulación xeral, CxG adopta como criterios organizativos fundamentais os seguintes:

a. **Territorialidade.** O ámbito de acción preferente do Partido é o territorio galego e a Galicia Exterior. Dótase dunha estrutura territorial baseada substancialmente na constitución de Agrupacións Locais. Garantirase a representación destas nos órganos de dirección superiores.



b. **Organización Unitaria.** CxG é unha organización unitaria, de adscrición voluntaria e individual, e non admite a articulación e funcionamento de grupos ou correntes organizadas no seu interior nin a afiliación ou participación a outras organizacións políticas.

c. **Liberdade de expresión, decisións por maioría e comportamento ético.** A afiliación a CxG implica gozar de plena liberdade de expresión e do dereito a participar na elaboración e toma de decisión dos seus órganos. Todas as persoas membros do partido teñen o deber de acatar e respectar as decisións democraticamente adoptadas. Dereito á discrepancia total dentro dos órganos de do Partido. Fóra da organización, sempre discrepancia sempre con consideración aos acordos tomados polos órganos do Partido. Calquera actuación pública contraria ao que decidiu o Partido conlevará a baixa do mesmo.

d.- **Flexibilidade e revogabilidade dos cargos.** Todas as persoas afiliadas ao partido serán electoras e poderán ser elixidas para calquera cargo. As/os afiliados/as que deteñan calquera tipo de cargo fican sometidas/os, durante todo o seu mandato, ao mecanismo de control do referendo previsto no artigo 10 destes estatutos.

e.- **Transparencia e responsabilidade.** CxG funcionará con total transparencia sobre o estado, evolución e actividade do partido, con carácter transversal e directamente ante a afiliación. Cada nivel organizativo rendirá contas non so dun xeito orgánico, senon directamente a afiliación baixo o seu eido territorial ou sectorial.


f.- **Planificación e avaliación de resultados.** CxG responderá na súa organización a planificación e avaliación de resultados. As liñas de acción mais a toma de decisións estratéxicas por parte dos diferentes órganos executivos da organización irán acompañadas de unha declaración explícita de obxectivos, ademais de uns criterios preestablecidos para poder avaliar o seu éxito trala súa aplicación.

g.- **Direccións colexiadas.** Nos diferentes niveis, os órganos de dirección terán un carácter colexiado, tomándose as decisións por maioría das persoas integrantes. Á Secretaría Xeral, aos coordinadores ou ás coordinadoras Comarcais e ás Secretarías ou as Secretarías Locais competeralles a representación pública de CxG nos diferentes niveis para os que foron elixidos/as.

h.- **Elección dos órganos de dirección.** A elección dos órganos de dirección local e nacional, así como os de coordinación comarcal farase por medio de listas abertas. O resultado deberá garantir o equilibrio de xénero no órgano de dirección.

i. **Comisión Executiva Nacional.** A Executiva Nacional estará formada por catorce persoas, elixidas pola Secretaría Xeral de entre as 30 integrantes do Consello Político Nacional escollidas polo Congreso, garantindo o equilibrio de xénero. Ademais formarán parte da Executiva Nacional a persoa que detente a Secretaría Xeral de CxG. A Executiva deberá ser referendada polo Congreso.

f. **Comisión de Garantías e Contas.** Estará compostas por cinco persoas elixidas no Congreso do Partido, nunha lista que contará con dúas suplencias para cubrir posibles baixas. A Mesa do Congreso someterá a votación a lista da Comisión, a proposta da Comisión Executiva Nacional en funcións.



ARTIGO 4. ORGANIZACIÓN NACIONAL

4.1 ORGANIZACIÓN NACIONAL de CxG estrutúrase con base no Congreso Nacional, o Consello Político Nacional e a Presidencia do Partido, a Comisión Executiva Nacional e a Secretaría Xeral.

4.2 CONGRESO NACIONAL

4.2.1 O Congreso Nacional é o máximo órgano de decisión de CxG. Está composto polas persoas afiliadas e simpatizantes do partido, estas últimas con voz pero sen voto. O Congreso Nacional poderá reunirse de forma Ordinaria ou Extraordinaria. Estará presidido pola Presidencia do Partido.

4.2.2 Son funcións do Congreso Nacional:

1. Debater e definir os principios políticos e programáticos e os criterios organizativos.
2. Fixar a política xeral.
3. Elixir as persoas que formarán parte do Consello Político Nacional, a Secretaría Xeral e a Comisión Executiva Nacional, esta última a proposta da Secretaría Xeral.
5. Aprobar e modificar os presentes Estatutos.

4.2.3 O Congreso Nacional reunirse de forma ordinaria entre dous ou tres anos mediante convocatoria feita con tres meses de antelación polo CPN a proposta da Comisión Executiva Nacional. Asegurarase, en todo caso, o prazo de tempo imprescindible para a recepción dos relatorios e emendas que se presenten.


Extraordinariamente, poderase reunir por solicitude dun terzo dos membros do Consello Político Nacional, ou por solicitude de dous terzos da afiliación, no momento de presentarse a solicitude deberá acompañarse unha proposta de orde do día e texto a debate, debendo celebrarse o Congreso Nacional nun prazo mínimo de tres meses e máximo de seis desde a data de solicitude.

4.3 CONSELLO NACIONAL

4.3.1 O Consello Nacional constitúe o máximo órgano de dirección do Partido, entre a celebración dos Congresos Nacionais. O CN estará presidido pola Presidencia do Partido.

4.3.2 Son competencia do Consello Nacional:

1. Velar polo cumprimento dos presentes Estatutos.
2. Aplicar e concretar as liñas políticas xerais definidas polo Congreso Nacional.
3. Definir as alternativas políticas concretas.
4. Fixar o réxime de cotización.
5. Supervisar, en colaboración coa Comisión de Garantías e Contas, as finanzas do Partido.
6. Promover a formación das persoas adheridas ao Partido.



7. Garantir os dereitos das persoas afiliadas ou simpatizantes.
8. Informar ás persoas afiliadas e simpatizantes dos seus acordos de forma periódica e polos medios establecidos.
9. Examinar a xestión da Comisión Executiva Nacional.
10. Garantir que a xestión dos cargos públicos con afiliación a CxG se axeiten ás liñas políticas xerais definidas polo Congreso Nacional.
11. Renovar as diferentes responsabilidades da Comisión Executiva Nacional, durante o período entre Congresos Nacionais, por maioría absoluta dos seus membros.
12. Facer público o regulamento de funcionamento interno do Consello Político Nacional e da Comisión Executiva Nacional.
13. Propor a Comisión Executiva Nacional a creación de Equipos de Traballo.
14. Mudar ou actualizar o logotipo do Partido.

4.3.3 O Consello Nacional estará composto polas 30 persoas elixidas polo Congreso Nacional, sumándose ademais ao mesmo a Presidencia do Partido, a Secretaría Xeral, as Coordinacións Comarcais, as Secretarías Locais, , e un membro representante da MNG e os Alcaldes ou Alcaldesas de Compromiso por Galicia.

Por decisión de 2/3 dos membros do Consello Nacional de CxG poderanse convidar e/ou incorporar a este órgano outras persoas, que poderán participar nas deliberacións con voz pero sen voto. As deliberacións do CN serán reservadas e levantarase acta dos acordos tomados.

4.3.4 O Consello Político Nacional reunirse ordinariamente cada dous meses, convocado pola Secretaría Xeral, e extraordinariamente a pedimento dun terzo dos seus membros ou da mesma Comisión Executiva Nacional, respectándose sempre o prazo de sete días de antelación da convocatoria e facilitándose a orde do día previa.

4.4 PRESIDENCIA DO PARTIDO.

4.4.1 A Presidencia do Partido é o órgano unipersoal que terá a representatividade social do Partido.

4.4.2 Será membro nato e Presidirá as reunións do Consello Nacional CN. Presidirá os Congresos Nacionais.


4.4.3 Representará ao Partido en caso de ausencia da Secretaría Xeral.

4.4.4 Voluntariamente poderá asistir as reunións da CEN ou por solicitude da Secretaría Xeral, con voz e sen voto.

4.4.5 Valorará xunto coa Secretaría Xeral, a eficiencia do traballo desenvolvido nas diferentes áreas da Comisión Executiva Nacional CEN.

4.4.6 Velará pola conservación dos bens inmobles dos que fai uso o Partido e do seu patrimonio.

4.4.7 No caso de imposibilidade para o cumprimento das súas funcións, a Presidencia do Partido será substituída polo membro da CEN con maior antiguidade no Partido, caso de ter a mesma varios membros, asumirá a Presidencia o membro de maior idade.



4.4.8 A Presidencia do Partido será elixida do seguinte modo: no primeiro CPN despois do da convocatoria do Congreso presentarase a proposta ou propostas á Presidencia do Partido. Serán as Agrupacións Locais constituídas as que elixan ou refrenden por maioría da súa afiliación as propostas. A persoa que elixan a maioría das Agrupacións Locais ocupará a Presidencia do Partido, esta terá a responsabilidade de abrir o Congreso Nacional, cunha intervención presentada pola Mesa do Congreso.

4.5 A COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL

4.5.1 A Comisión Executiva Nacional (CEN) constitúe o órgano executivo colexiado a nivel nacional, máximo responsábel da dirección do partido no seu conxunto. A CEN distribuirá ás áreas de responsabilidade que considere precisas entre os distintos membros que a conforman, sendo preceptivas cando menos as de Organización , a de Finanzas e a de Comunicación e Transparencia. Este órgano dará coñecemento da actividade nacional. entre a afiliación. Cada responsable elaborará un plan de traballo que presentará para a súa aprobación na primeira sesión ordinaria do Consello Nacional unha vez constituído e do que dará conta cando menos dúas veces ao ano diante do Consello Político Nacional. As deliberacións da CEN serán reservadas e levantarase acta dos acordos tomados.

4.5.2 Son competencias da Comisión Executiva Nacional:

1. Coordinar e dinamizar o Partido.
2. Executar, a nivel nacional, os acordos do Congreso Nacional e do Consello Nacional.
3. Dirixir a política de información e difusión.
4. Velar polo cumprimento das funcións do Partido que non estean, estatutaria ou regulamentariamente, reservadas a outros órganos.
5. Impulsar a creación de comisións de traballo abertas a todas as persoas afiliadas e simpatizantes, coordinadas por unha persoa do Consello Político Nacional para implementar a acción política de CxG en diversos sectores.
6. Garantir a autonomía e independencia da Comisión de Garantías e Contas.
7. Informar ao Consello Político Nacional sobre as súas accións e decisións.
8. Informar ás persoas afiliadas e simpatizantes de xeito periódico e polos medios establecidos.

4.5.3 A composición da Comisión Executiva Nacional será:

- A persoa electa para a Secretaría Xeral.
- Trece persoas membros do CN propostas pola Secretaría Xeral e ratificadas polo Congreso Nacional.

4.5.4 A Comisión Executiva Nacional reunirse por convocatoria da Secretaría Xeral ou a petición dun terzos dos seus membros, no prazo e forma establecidos.

4.6 A SECRETARÍA XERAL

4.6.1 A persoa que ocupe a Secretaría Xeral exercerá a máxima responsabilidade legal do partido en todos os ámbitos. Será co responsable do traballo da Comisión Executiva Nacional e exercerá o liderado do Partido.

A persoa electa para a Secretaría Xeral deberá ser afiliada e será membro nato do Consello Nacional e da Executiva Nacional. Será elixida nunha votación específica por

parte de toda a afiliación no Congreso Nacional, tras un debate entre as persoas candidatas a celebrar no mesmo Congreso e, se fora desexo, nos días previos a este. No caso de haber máis de dúas candidaturas, de non acadaren ningunha delas máis do cincuenta por cento dos votos válidos, procederase a unha segunda volta entre as dúas candidaturas máis votadas. No caso de haber unha única candidatura poderá ser referendada a man alzada, sempre e cando ninguén se opoña.

A Secretaría Xeral do partido é incompatible cun cargo nun goberno.

4.6.2 Son funcións da Secretaría Xeral:

1. A portavocía do Partido con carácter permanente, salvo delegación específica, de única voz oficial.
2. A delegación nos diferentes membros da Comisión Executiva Nacional daquelas tarefas que considere oportunas, ben que esta delegación, cando se determine con criterio de permanente, deberá ser aprobada pola propia Comisión Executiva Nacional.
3. A convocatoria e presidencia das reunións da Comisión Executiva Nacional e a convocatoria do Consello Político Nacional.
4. De producirse, a súa vacante será cuberta, ata a celebración do Congreso Nacional, pola persoa que, pertencendo á Comisión Executiva Nacional, obteña maior número de votos do Consello Nacional. En caso de vacante, deberase convocar o Congreso Nacional nun prazo máximo de 6 meses.

4.7. SECRETARÍA NACIONAL DE ORGANIZACIÓN

Terá como cometido impulsar a organización de CxG a todos os niveis, sempre de acordo coas directrices emanadas do Consello Político e en colaboración directa coa Secretaría Xeral.

A Secretaría Nacional de Organización terá o cometido de establecer un seguimento actualizado das organizacións locais e comarcais e de impulsar a súa constitución e funcionamento, responsabilizarse da elaboración e custodia dunha base de datos onde se recollerán os órganos legalmente constituídos e os datos persoais das/os afiliados/as e simpatizantes do partido. O ficheiro conterá como mínimo o nome completo da/o simpatizante ou afiliado/a, localidade de residencia, teléfono de contacto e correo electrónico.

Os devanditos datos terán carácter confidencial e como tal serán tratados en cumprimento da lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Terá a responsabilidade de coordinar a todo o persoal que desenvolve tarefas para o Partido.

4.8. SECRETARÍA NACIONAL DE FINANZAS

4.8.1 A Secretaría Nacional de Finanzas será ocupada por unha persoa membro da Comisión da Executiva Nacional.

4.8.2 A Secretaría Nacional de Finanzas terá como competencias, coa Comisión de Garantía e Contas, na xestión das finanzas e o seguimento da xestión dos servizos complementares que se aproben polo Consello Nacional.

A xestión de contas bancarias deberán estar avaladas coa sinatura da representación legal, da secretaría técnica e da de finanzas.

4.8.3 A Secretaría Nacional de Finanzas garantizará, a través dos medios que estime oportunos, a difusión ao conxunto da afiliación do Regulamento de Finanzas ou calquera outra instrucción que poida aprobarse ou modificarse sobre os temas da súa competencia.

4.9 EQUIPOS DE TRABAJO NACIONAIS

O Consello Nacional trasladará á Comisión Executiva propostas de creación de equipos de traballo que sirvan para a dinamización das políticas de CxG, sendo as conclusións e propostas destas elevadas aos distintos órganos de CxG para seren debatidas e aprobadas no seu caso.

4.10 COMISIÓN DE GARANTÍAS E CONTAS.

No campo das Garantías ten por finalidade asegurar o cumprimento do respecto aos dereitos e deberes dos afiliados e das afiliadas establecidos no artigo 6 destes Estatutos. Velará por que se cumpran as normas e principios de actuación pública e de convivencia democrática interna e aplicará o réxime disciplinario.

Supervisará o procedemento de eleccións internas polo sistema de primarias.

Velará polo cumprimento das normas sobre incompatibilidade dos cargos públicos do partido.

No campo das Contas, terá por función a fiscalización anual dos ingresos e gastos da execución do orzamento, coa emisión dun informe que será analizado pola CEN e o CPN. As campañas electorais serán obxecto dunha análise e informe específico.

Á composición, elección e réxime de incompatibilidades dos seus membros, seralle de aplicación o establecido no punto anterior para a Comisión de Ética e Garantías.

A Comisión de Garantías e Contas, contará cunha Presidencia e unha Secretaría elixidas polos membros da propia Comisión na súa primeira reunión cunha maioría de 3/5. O seu mandato será o dos períodos entre congresos ordinarios. Constituída a Comisión e nomeado o seu presidente ou presidenta, procederase, no prazo máximo de tres meses, a aprobación dun Regulamento de Rexime Interno. Nel deberá quedar constancia explícita dos principios de publicidade e transparencia que deberán guiar as súas actuacións.

As súas resolucións serán de estudo e informe, para enviar ao CN, sen prexuízo do dereito da persoa atinxida a acudir á xurisdición ordinaria.

Porén, as decisións de expulsión serán recorribles en apelación perante o CN. A decisión deste abrialle á persoa afectada o recurso á xurisdición ordinaria


4.11 CONVENCIÓN NACIONAL.

Será un instrumento nacional de consulta ou decisión extraordinarias, se así o considera preciso o CN.

Será convocada polo Consello Nacional coas garantías e prazos que se establezan.

Cada proceso de Convención Nacional, rexerese por un Regulamento específico aprobado polo CN.

ARTIGO 5. ORGANIZACIÓN



5.1 CxG dotase de nunha organizativa territorial baseada en Agrupacións Locais, e contará con órganos de dirección local e órganos de coordinación comarcal, que axustarán o seu funcionamento aos criterios establecidos para os órganos de dirección colexiados..

5.2 ORGANIZACIÓN NACIONAL comprende a totalidade dos activos con independencia da súa localización, incluídas as Agrupacións no exterior. Os órganos de decisión e goberno nacionais son o Congreso Nacional, o Consello Nacional, a Presidencia do Partido, a Comisión Executiva Nacional, a Secretaría Xeral. A máxima representación corresponde a Secretaría Xeral.

5.3. AGRUPACIÓN LOCAL componse das persoas afiliadas e simpatizantes dun único concello, estes últimos con voz pero sen voto.

5.3.1 Como órgano de decisión de carácter local, as súas atribucións son:

1. Definir os criterios políticos e organizativos da localidade.
2. Analizar e aceptar as solicitudes de altas e baixas dos afiliados e afiliadas.
3. Elixir unha Comisión Executiva Local e unha persoa como titular da Secretaría Local.
4. Fomentar a participación de todas as persoas afiliadas e simpatizantes.
5. Promover a actividade de CxG no ámbito local.
6. Canalizar as inquietudes, propostas e iniciativas da cidadanía da localidade para convertelas en propostas políticas que melloren a situación do concello.
7. Transmitir a información a órganos superiores sobre asuntos que non foren da súa competencia ou capacidade.

5.4 SECRETARÍA LOCAL. A persoa electa para a deberá posuír a condición de afiliada ao partido, deterá a máxima representación da Agrupación e da Executiva Local e será membro nato da Coordinadora Comarcal. Deberá promover a participación dos integrantes da Agrupación local e simpatizantes, garantindo a difusión dos acordos da Executiva, achegando información sobre o cumprimento dos citados acordos, e presentando o conxunto da Agrupación Local nas asembleas os informes que considere oportunos. Estes informes deberanse presentar obrigatoriamente cada semestre, e sempre que haxa un proceso de primarias ou un proceso electoral.

5.5 AGRUPACIÓN LOCAL. Para a constitución dunha será necesario un mínimo de cinco persoas afiliadas. Constituirase unha Agrupación Local sempre e cando as persoas afiliadas da localidade consideren oportuna a creación da mesma, podendo baixar o límite a cinco.

No caso de non existir agrupación local, as súas funcións serán asumidas pola agrupación comarcal correspondente, atendendo á afiliación da localidade. Con que haxa unha única persoa afiliada nunha localidade, esa localidade terá dereito a ter un membro na Comisión Executiva Comarcal e será escollido pola propia localidade.

5.6 AGRUPACIÓN COMARCAL comprende as/os simpatizantes e afiliados/as do conxunto de concellos incluídos nunha comarca ou a agrupación de varias comarcas. As comarcas poderán unirse para promover un mellor funcionamento da organización se as respectivas agrupacións comarcais o aceptan.

A Agrupación Comarcal é o máximo órgano de decisión de CxG na comarca. Entre as súas atribucións, están a elección dunha persoa para a Coordinación Comarcal, en quen recae a máxima representación da agrupación no CN, que deberá posuír a condición de afiliada, e que será membro nato do Consello Nacional

5.7 COORDINADORA COMARCAL.

A Coordinadora Comarcal será o órgano máximo de coordinación que terá o Partido nunha comarca constituída.

Para constituír unha Coordinadora Comarcal será necesario contar cun mínimo de dúas Agrupacións Locais constituídas na comarca.

Serán membros natos da Coordinadora Comarcal as Secretarías Locais da comarca.

5.7.1 Funcións.

A Coordinación Comarcal dará conta de todas as decisións tratadas no CN.

Deberá impulsar a organización de novas Agrupacións Locais nos concellos onde non estea organizado o Partido.

Elaborará periodicamente e cumprirá un plano de traballo na comarca: desde distribución de material nacional, realización de actos políticos diversos na comarca, ate levar a cabo os contactos persoais con futuros membros do Partido na comarca.

CAPÍTULO III. AFILIADOS/AS, PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL E SIMPATIZANTES

ARTIGO 6. AFILIACIÓN E SIMPATIZANTES

Poderá ser afiliado/a ou simpatizante de CxG, calquera persoa que, aceptando os criterios organizativos e os principios da mesma, solicite o seu ingreso.

A solicitude de ingreso realizarase por escrito, mediante formulario de solicitude de alta asinado pola persoa solicitante ou ben mediante solicitude de alta na páxina web de CxG.

A condición de afiliado ou afiliada a CxG, comprende a todas as persoas vinculadas organicamente ao Partido desde a mocidade.

6.1. AFILIACIÓN

6.1.1 Son dereitos das persoas afiliadas:

- a. Participar activamente e libremente na definición da liña política de CxG así como na toma de decisións.
- b. Asistir a cantos actos, reunións e congresos organice CxG.
- c. Exercer o dereito á liberdade de expresión individual, podendo a afiliación expresar as súas posturas críticas, sempre dentro do respecto e da responsabilidade para co Partido.
- d. Ser electoras e elixidas para calquera cargo nos órganos de dirección. Non será elixible a afiliación que fora condenada por sentenza xudicial penal e a afiliación suxeita a acusación penal. Considéranse suxeitas á acusación penal, aos efectos que aquí se establecen, as persoas a respecto das que se ditara auto de

procesamento ou de apertura do xuízo oral. Non obstante, a Executiva Nacional trasladará á Comisión de Garantías e Contas toda imputación penal a respecto dunha persoa candidata, ou cargo público ou orgánico. O Consello Político Nacional aprobará un réxime de inelixibilidades e incompatibilidades.

- e. Facer uso do seu voto de forma individual, independente e sen presións.
- f. Recibir todo tipo de formación e información política xerada polo partido e reciprocamente transmitir as súas iniciativas persoais no seo deste.
- g. Exercer o control político dos cargos electos, mantendo sempre o máximo respecto ás persoas.
- h. Facer uso da Comisión Garantías e Contas, se consideran vulnerados os seus dereitos como persoa afiliada.

6.1.2 Son deberes das persoas afiliadas:

- a. Aceptar e comprometerse persoalmente á defensa pública dos principios ideolóxicos e do proxecto político de CxG.
- b. Non pertencer a calquera outra organización ou asociación cuxas formulacións ideolóxicas sexan claramente opostas ou incompatibles cos valores e principios fundamentais de CxG.
- c. Non pertencer a outro partido político ou organización política.
- d. Respetar e cumprir os Estatutos, Regulamentos internos, criterios organizativos así coma os principios políticos e programáticos do partido
- e. Coñecer e difundir o proxecto político de CxG.
- f. Garantir a confidencialidade sobre o tratado nas Agrupacións e demais órganos de CxG mentres non se faga público á cidadanía de forma oficial polo propio partido
- g. Respetar as decisións referendadas pola maioría da militancia das persoas afiliadas aínda no caso de manifestarse en desacordo con elas.
- h. Asistir e participar, dentro das propias posibilidades, nas reunións, actos e accións políticas convocadas polo Partido.
- i. Contribuír economicamente ao sustento do Partido.
- j. Controlar por parte da organización de CxG mediante a carta financeira, as cantidades económicas recibidas polos cargos institucionais pertencentes ao partido, en materia de salarios, por asistencia a actividades institucionais, asignación a grupos municipais e outros actos políticos remunerados do seu cargo. Para evitar usos abusivos dos fondos públicos, isto é, abusos que non se correspondan nin coa acción política a desenvolver nin co cargo institucional que ocupan
- k. Usar o galego, difundilo e promovelos tanto no ámbito interno do partido como na súa actividade institucional e a comunicación coa sociedade.

6.1.3 INCOMPATIBILIDADES. Os traballadores/as de CxG non poderán ocupar cargos orgánicos deste. Exceptúanse desta incompatibilidade aquelas situacións de contratación para dar cobertura as necesidades propias dunha campaña electoral.

6.1.4 A baixa como membro de CxG, producirase nos seguintes supostos:

- a. Por decisión voluntaria da propia persoa interesada.
- b. Por acordo do Consello Político Nacional, previo informe da correspondente agrupación local ou comarcal e unha vez escoitada a persoa interesada, que

poderá interpoñer recurso sobre a decisión adoptada ante a Comisión de Garantías e Contas.

- c. En caso extraordinario, pola súa gravidade e a necesidade de actuar en tempo, a Secretaría Xeral poderá abrir expediente de expulsión con visto e prace da Comisión de Garantías e Contas.
- d. Ao sumar seis mensualidades de cotas impagadas.

6.2 SIMPATIZANTES

6.2.1 Serán membros simpatizantes aquelas persoas que, sen afiliarse expresamente en CxG, sintonicen co partido, cos seus principios e obxectivos, colaboren puntual ou regularmente nas súas actividades e manifesten a súa aceptación a incorporarse a unha base de datos específica para recibir información do partido ou ser contactadas por este.

6.2.2 Son dereitos dos/das simpatizantes os mesmos que os das persoas afiliadas agás o contemplado no artigo de o dereito a voto, que poderán exercer nas eleccións primarias abertas a cidadanía e no que atinxe os documentos de liña política. O dereito a ser elixido para cargo orgánico ou cargo público, salvo que a elección estea limitada a afiliación.

6.2.3 Os/as simpatizantes quedan suxeitos aos mesmos deberes que as persoas afiliadas, salvo no exposto no apartado i.

6.2.4 Perderán a condición de membro de CxG nos supostos establecidos para as persoas afiliadas.

6.3 PERSOA COLABORADORA

Terán o recoñecemento de persoa colaboradoras todas aquelas que sen participar en nada organizado polo Partido, nin necesariamente estar de acordo en todo con CxG, colaboran co Partido cunha prestación dun servizo, a doazón dun ben ou unha achega económica.

ARTIGO 7. RÉXIME DISCIPLINARIO

7.1 Será considerada falta disciplinaria calquera acto voluntario dunha persoa afiliada que supoña menoscabo da imaxe e dos intereses do partido ou da dignidade de calquera dos seus integrantes, ou incumprimento dos estatutos e das normas aprobadas polos órganos competentes.

7.2 O Regulamento disciplinario, que tipificará as infraccións e determinará as sancións que previstas, será aprobado polo Consello Político Nacional a proposta da comisión de garantías.

7.3 A competencia para instruír e fallar os procedementos pertécelle á Comisión de Garantías, que esgotará o ámbito interno de decisións.

ARTIGO 8. FORMACIÓN



A Executiva Nacional prestará atención permanente á formación política das persoas afiliadas. Para tal fin, o Partido dotarase de ferramentas de comunicación cuxa función principal será a información política, a formación teórica e ao intercambio de ideas, experiencias de xestión, propostas, estudos, etc.

Tamén se artellarán debates, charlas e encontros sobre temas específicos e se promoverán outro tipo de actividades destinadas a mellorar a información e cualificación dos membros do Partido. Así mesmo, estableceranse mecanismos de asesoramento técnico en cuestións que teñan relación co desempeño de actividade política, de xestión e representación por parte dos membros do CxG.

ARTIGO 9. PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

9.1 SISTEMA DE PRIMARIAS

Como procedemento ordinario para elixir as candidaturas que deben concorrer ás eleccións establécese o sistema de eleccións primarias.

O sistema de eleccións primarias será fixado e aprobado polo CPN a través dun regulamento específico.

9.2 ASPIRANTES AS CANDIDATURAS ELECTORAIS

Poderán ser aspirantes e candidatos/as electorais todos os activos, afiliados/as ou simpatizantes.

- Non poderán ser aspirantes aos cargos nacionais, estatais, europeos , nin ás alcaldías das sete grandes cidades as persoas que ocuparan os mesmos cargos nos últimos doce anos, tampouco poderán ser candidatos/as as eleccións nacionais, estatais, europeas ou municipais as persoas que foran condenadas penalmente nin aquelas que se atopen imputadas nun proceso penal que se estea a tramitar. A Comisión de Garantías e Contas será o órgano encargado de velar para que ningunha persoa condenada ou con causa penal aberta forme parte das listas de CxG nos procesos electorais aos que concurra. O Consello Político Nacional aprobará un réxime de inelixibilidades e incompatibilidades.
- A persoa candidata á Presidencia da Xunta será elixida mediante sistema de eleccións primarias.
- As persoas candidatas que encabecen as listas ao Parlamento de Galicia, ás Cortes do Estado e ao Parlamento Europeo, serán elixidas mediante sistema de eleccións primarias, en cada circunscrición electoral.
- As persoas candidatas as alcaldías serán elixidas mediante sistema de primarias abertas a cidadanía, en cada circunscrición.
- O Consello Político Nacional, por proposta da Executiva Nacional, aprobará o regulamento de elección de candidaturas en cada caso.

9.3 COALICIÓNS ELECTORAIS

Todo acordo de coalición con outras forzas políticas deberá ser aprobado polo conxunto de afiliación de CxG a través dun referendo, debendo contar con máis votos a favor que en contra para a súa aprobación.

ARTIGO 10. O REFERENDO.

10.1 Co fin de garantir a participación activa da afiliación na vida política e o control da actuación das persoas que **deteñan** calquera tipo de cargo establececese o mecanismo do referendo.

10.2 O referendo poderá ser convocado respecto daqueles asuntos e decisións que revistan unha especial transcendencia política, ben para a propia organización ou ben para o conxunto do país. O referendo poderá ser convocado tamén para que o conxunto dos/as afiliados/as e simpatizantes de CxG decidan respecto da continuidade ou o cesamento das persoas que deteñan calquera tipo de cargo.

10.3 O referendo será convocado polo Consello Político Nacional, por iniciativa propia ou a pedimento dos/as militantes afiliados/as e simpatizantes.

A convocatoria do referendo por iniciativa do Consello Político Nacional requirirá que o acordo sexa adoptado pola maioría absoluta dos membros que o compoñen.

Para a convocatoria do referendo por solicitude dos/as afiliados/as e simpatizantes, é imprescindible que se concrete a decisión ou asunto que se queira someter a referendo e que a devandita solicitude veña avalada, mediante sinatura, cando menos polo 20% dos militantes das persoas afiliadas e simpatizantes de CxG. De cumprírense estes requisitos o Consello Político Nacional estará obrigado a convocar o referendo solicitado no prazo máximo de dous meses.

10.4 No referendo garantírase en todo momento o segredo do voto.

10.5 O resultado do referendo é vinculante para os órganos de CxG e para o conxunto da súa militancia de afiliados/as. O resultado do referendo será comunicado ás agrupacións comarcais e as/os militantes e simpatizantes á maior brevidade posible.

ARTIGO 11. OS ACTOS NACIONAIS

11.1 En todos os actos nacionais de CxG deberán ter unha presenza moi destacada a bandeira galega e o logotipo do partido.

11.2 O 25 de Xullo é o Día Nacional de Galicia e como tal deberá ser celebrado por CxG na capital da nación.

11.3 CxG celebrará un día do partido o primeiro fin de semana despois do 15 de setembro baixo a denominación de Día do Compromiso Galego. Esta será unha xornada de reivindicación e homenaxe a afiliación e as persoas simpatizantes e persoas falecidas de CxG, cada ano celebrarase nunha localidade distinta.

11.4 Será obrigada a asistencia dos membros do CN a todos os actos nacionais, e de non poder, comunicar a causa xustificada.

COMPROMISO
POR GALICIA

ARTIGO 12. DAS MOCIDADES

1. O referente xuvenil de Compromiso por Galicia será a Mocidade Nacionalista Galega MNG.
2. As persoas mozas menores de 30 anos serán afiliadas de CxG, onde se recoñeza para quen o exprese, formar parte da MNG, coa vontade de traballar e facer política xuvenil para espallar o proxecto galeguista de CxG entre a mocidade.
3. A cota de afiliación fixada pola mocidade será xestionada co resto de cotas do Partido.
4. A MNG elixirá a persoa que a represente no Consello Político Nacional CN.
5. A MNG informará das súa actividade no CN.
6. A MNG ten como función deseñar a política de xuventude e, así mesmo promover as ideas, iniciativas e propostas de CxG entre a mocidade.

CAPITULO IV. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL DO PARTIDO

ARTIGO 13. PERSONALIDADE XURÍDICA E PATRIMONIO

1. CxG ten personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
2. O partido carece de patrimonio fundacional.
3. O partido poderá adquirir, administrar e allear os bens e dereitos que resulten necesarios para o cumprimento dos seus fins.

ARTIGO 14. RECURSOS ECONÓMICOS.

Os recursos económicos do partido están constituídos por:

- a. As cotas e achegas das persoas afiliadas.
- b. Os rendementos do seu propio patrimonio.
- c. Os créditos que concerte.
- d. As herdanzas, legados ou doazóns que reciba.
- e. Calquera outro ingreso que reciba de conformidade co disposto na Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.

ARTIGO 15. PROCEDEMENTO DE RENDICIÓN DE CONTAS, ADMINISTRACIÓN, FISCALIZACIÓN E CONTROL.

A administración, fiscalización e control do réxime económico e patrimonial de CxG realizarase consonte as seguintes normas:

- Corresponde á Comisión Executiva Nacional a elaboración do proxecto de orzamentos, que será aprobado polo Consello Político Nacional.

- O exercicio económico do Partido coincidirá co ano natural, pechándose o 31 de decembro de cada ano.
- Cando no transcurso do exercicio corresponda a convocatoria de eleccións, elaborárase un orzamento especial no que se contemplan as previsións de ingresos e gastos necesarios para a concorrencia do partido a ditos comicios.
- A comisión Executiva Nacional presentará ao Consello Político Nacional, dentro do primeiro semestre de cada ano, as Contas Anuais do exercicio anterior comprensivas do Balance, a Conta de Resultados e unha Memoria explicativa de ambas, elaboradas de acordo co previsto na Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo sobre financiamento dos partidos políticos. Corresponderá a revisión de ditas contas anuais á Comisión de Control de Contas. Na páxina web publicarase, en canto sexan presentadas as contas ao Tribunal de Contas, o balance, a conta de resultados e a contía dos créditos pendentes de amortización, así como todo o relacionado coas subvencións, as doazóns e os legados de importe superior a 15.000 euros que o partido poida ter recibido no exercicio. Así mesmo publicará na web todos os informes que emita o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas sobre a fiscalización das súas contas anuais ou contabilidades electorais.
- Na páxina web de CXG farase público un resumo dos gastos e ingresos do partido, exercendo unha total transparencia.
- Corresponde ao Secretario/a de Finanzas a presentación das contas ante o Tribunal de Contas, e o Consello de Contas, así como cantas actuacións veñan determinadas pola lexislación vixente.

ARTIGO 16. RÉXIME DOCUMENTAL. OBRIGAS CONTÁBEIS

O partido levará, ademais dun Censo de Afiliación, os Libros de Actas, de Contabilidade, de Tesourería, e de Inventarios e Balance, cuxo contido se fixará regulamentariamente e que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira. En todo caso, a contabilidade axeitarase aos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados. Calquera persoa afiliada terá dereito a ser informado dos mesmos previa petición e sempre respectando a lexislación vixente na lei de protección de datos.

CAPÍTULO V. DISOLUCIÓN DO PARTIDO

ARTIGO 17. DISOLUCIÓN

- 14.1 O acordo de disolución do partido haberase adoptar polo Congreso por maioría de dous terzos.
- 14.2 O patrimonio remanente no momento da disolución, unha vez satisfeitas as obrigas financeiras existentes, destinarase o Museo do Pobo Galego.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1. Como norma xeral para as votacións, sempre que se proceda a elixir persoas para calquera cargo, farase por medio de votación secreta, aínda que por operatividade poderanse utilizar, se así se acorda, outros métodos de votación. En calquera caso

abonda con que unha única persoa presente solicite o voto secreto, para que este sexa o procedemento a utilizar para a votación.

2. Entre a celebración dun Congreso Nacional e o consecutivo, a interpretación deste documento é competencia do Consello Nacional
3. Con carácter supletorio aos presentes Estatutos serán de aplicación as disposicións estatais e autonómicas reguladoras do procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

1. Unha vez celebrado o Congreso Nacional, no prazo de dous meses, ficarán formados os diferentes órganos que emanan das decisións da mesma.
2. Facúltase ao Consello Nacional para as adecuacións necesarias do presente documento coa finalidade da súa legalización.
3. A Comisión Executiva Nacional, unha vez determinada a formula xurídica de regularización de CxG, presentará para a súa aprobación polo Consello Nacional a Carta Financeira, na que se regularán as obrigas económicas das/os afiliadas/os e as normas de funcionamento financeiro, nomeadamente no relativo ás relacións das comarcas e localidades coa estrutura nacional.
4. Por último, facúltase ao Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva Nacional, para a interpretación, desenvolvemento e aplicación do presente regulamento en todos aqueles aspectos non recollidos expresamente nel.

DISPOSICIÓN FINAL

Estes Estatutos entran en vigor no momento da súa aprobación polo II Congreso Nacional de Compromiso por Galicia, o 21 de xaneiro de 2017, e terán vixencia até o III Congreso Nacional.

